

O cuartel do Reximento Provincial de Betanzos

XAN CASABELLA LÓPEZ*

Sumario

Esta investigación trata de xustificar o lugar onde se ubicaba na cidade o antigo Cuartel do Reximento Provincial de Betanzos, con aportación dos planos do mesmo.

Abstract

This research tries to justify the place where the former headquarters of the Provincial Regiment of Betanzos had its location in the city.

Tíñamos constancia por Martínez Santiso da existencia do Cuartel do Reximento de Betanzos que segundo este historiador fora creado en 1734 reinando Felipe V. O Reximento durante moitos anos non tivo un Cuartel fixo senón que foi ocupando varios locais na cidade. Martínez Santiso na súa *Historia de la ciudad de Betanzos*, editada orixinalmente en 1892, enumera os edificios que ocupou este Reximento. Son os seguintes:

En 1778 estivo no Edificio Arquivo (construído a partir de 1764) durante pouco tempo. En 1785 un enxeñeiro (A. Lopez Sopeña) fai un proxecto para adaptalo a cuartel, pero non se realiza ningunha obra.

En 1783 estiveron acuartelados no barrio da Pontevela, segundo Martínez Santiso, na casa que «habitó Don Andrés López Carballeira, que en el siglo pasado era mucho mayor; pues fué dividida con posterioridad dos veces»¹.

En 1791 voltaron ao edificio Arquivo e ao pouco tempo se trasladaron a dúas casas da Praza, unha xunto á cadea e outra enfronte.

En 1800 o Marqués de Mos, nese intre Coronel do Reximento, cedeu o seu pazo para cuartel, que estaba situado na Praza Paio Formoso a carón da Porta da Ribeira. «La donación se hizo al Ayuntamiento con la carga de recoger en el edificio el caballo del donante y darle habitación en el mismo cuando la precisase»². Estaría nese sitio ata a invasión dos franceses, que ocuparon Betanzos en xaneiro de 1809 e marcharon en xuño dese mesmo ano, deixando a cidade bastante destruída (fig. 1).

* **Xan Casabella López** é doutor-arquitecto e profesor titular da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña.

¹ MARTÍNEZ SANTISO, Manuel (1892): *Historia de la ciudad de Betanzos*. Nota 1 pág. 366. Reeditado en facsímil pola Deputación da Coruña en 1987.

² MARTÍNEZ SANTISO, Manuel (1892): *Historia de la ciudad de Betanzos*. Pág. 366. Reeditado en facsímil pola Deputación da Coruña en 1987.




Fig. 1.- Plano de Betanzos realizado por Coello para o Diccionario de Madoz, publicado entre 1846 e 1850.






Fig. 2.- Plano de Betanzos (1926).

En 1818 reedificouse o que fora pazo do Marqués de Mos para cuartel³, permanecendo nel o Reximento ata 1839 en que se aloxou no convento de Sto. Domingo, seguramente porque o pazo non tiña xa as condicións necesarias para ese uso. A provincia de Betanzos foi extinguida en 1834 e en 1836 comeza a Guerra Carlista participando o Reximento de Betanzos ás ordes de Espartero.

³ MARTÍNEZ SANTISO, Manuel (1892): *Historia de la ciudad de Betanzos*. Páx. 367. Segundo di o autor existía unha lápida conmemorativa na fachada principal coas armas da cidade e a inscrición seguinte: *Cuartel de Milicias: Se reedificó en el año de 1818 reinando el Sr. D. Fernando VII, siendo Inspector general el Excelentísimo Señor Marqués de Villanueva del Duero, Conde de Villaviezo*. Hoxe podemos velo no Museo das Mariñas.





Figs. 3a-3b-3c.- Arriba, primeira fotografía aérea oblicua de Betanzos do 18-08-1934. Abaixo, fronte á Porta do Cristo vese ben unha construción que podería ser o pazo do Marqués de Mos no «mapa» de Antonio Vázquez de 1616; e unha fotografía actual.

Neste artigo vamos aportar algunha información dun dos lugares onde sabemos que puido ter a súa derradeira situación antes da súa extinción no ano 1841.


Nos planos que Coello fixera para Madoz en 1865, aínda que este plano é moi impreciso, débúxanse nun solar da actual Estrada de Coruña-Ferrol xusto diante da Porta da Ribeira dúas manchas negras illadas, sinal de que nesa zona existía algún tipo de construción.

No plano da cidade de comezos do século XX, realizado en 1926, na chamada Praza de Paio Feroso do lado dereito da Porta da Ribeira, aparece toda unha serie de edificacións formando unha banda contínua deixando un oco sen construír xusto diante da Porta, que permite chegar ata a beira do río Mandeo, onde nese intre xa se tiña feito un muro que consolidaba a ribeira e permitía o ataque de pequenas embarcacións, configurando o que sería o porto de Betanzos.

Na primeira fotografía aérea oblicua de Betanzos realizada o 18 de Agosto de 1934 durante os Caneiros (fig. 3), vese con claridade que nese solar existían aínda uns muros que pechaban un grande solar que seguramente sería onde estivo o Pazo do Marqués de Mos e posteriormente o cuartel. Nesa mesma fotografía vese a cuberta dunha enorme construción a catro augas que dispoñía en toda a súa fachada á praza Enrique IV un



Figs. 4-5.- Planos do cuartel do Reximento Provincial de Betanzos de 1847.



Figs. 6.

PROVINCIA DE LA CORUÑA Nº 3.313

Plano de la casa cuartel del Antigo Provincial de la ciudad de Betanzos. Comandancia de La Coruña.

Autor :
Año : 1.847, 1.061 y 1.795.
Nº de hojas : 4
B-11-31



Figs. 7.- Escudo do Cuartel do Reximento Provincial de Betanzos, hoxe no Museo das Mariñas. Foto: Erias.




Fig. 8.- Plano de 1861 dun proxecto de cuartel para o «Batallón de la Reserva». Planta baixa.

porche continuo ¿Podería ser esta a casa de Andrés López Carballeira onde estivo aloxado o Reximento polos anos de 1783?

O Arquivo do Exército Español, tiña facilitado a finais do século XX ao que subscribe, varios planos referidos a Betanzos. Deses planos un era de 1793 e aportaba unha edificación longa e estreita que era un aumento de unhas cuadras para o cuartel de Betanzos. Outro plano é de 1847 e corresponde co levantamento «de la casa cuartel del Provincial que ha sido de la ciudad de Betanzos situada en la misma» que contén dúas Plantas, un Alzado principal (con escudo) e Corte. Vese que se trata dun levantamento tal e como estaba a construción nese intre e que dispón de dúas plantas, con unha terceira na parte esquerda, unha porta de entrada e outra que parece como se fora pechada, un patio cercado do lado esquerdo, unha franxa estreita e profunda no lado dereito que corresponde aproximadamente en medidas coa ampliación da cuadras que se tiña feito en 1793, e outro




Fig. 9.- Plano de 1861 dun proxecto de cuartel para o «Batallón de la Reserva». Planta alta.

patio cercado na parte posterior con unhas escaleiras de saída onde se especifica na lenda que son unhas escaleiras de «comunicación con el río». Na planta baixa unha serie de muros de carga dividen o espazo en catro corpos edificatorios. A profundidade da edificación xunto co patio posterior é de 30 m. e o ancho da edificación de 29 m. Estas medidas son



Fig. 10.- Reconstrución da planta do cuartel do Reximento Provincial de Betanzos sobre a foto aérea de Betanzos de maio de 2016.

aproximadamente as do solar situado á dereita da Porta da Ribeira que actualmente está pechado por muros entendido na súa totalidade e tomadas das fotografías aéreas. A orientación con respecto do Norte e con respecto do río Mandeo, faría coincidir perfectamente este plano co solar sempre e cando se accedese ao Pazo pola rúa da Ribeira e non pola rúa Reximento provincial que é como se chama actualmente este trozo da estrada situada entre a praza Paio Feroso e rúa da Ribeira.

Outro plano é de 1861 e corresponde con un proxecto de cuartel del Batallón de la Reserva, con dúas plantas, un Alzado e un Corte con unhas medidas que encaixan exactamente no solar que antes anunciamos. A edificación corresponde con unha estrutura claramente militar con un patio no centro e pechado con unha edificación de dúas plantas en tres dos lados e na parte posterior con unha planta. A fachada principal é un plano liso e compacto sen ningún tipo de porche. Evidentemente este segundo debuxo é un proxecto que nunca se chegou a construír quedando o solar coa antiga construción do Pazo reconvertido en Cuartel, en estado ruinoso.

Polo tanto e tendo en conta os datos suministrados polos debuxos militares que levantan o antigo cuartel, antigo Pazo do Marqués de Mos, no que respecta a medidas, orientación solar, relación co río Mandeo e coa Porta da Ribeira, e tendo en conta que diante da dita Porta existía un paso que comunicaba a cidade amurallada co porto, a única posición posible para este cuartel é a esquina entre a actual Rúa Alfolí e Reximento Provincial, nun solar que actualmente está baleiro e outro que está construído, de acordo coa superposición sobre unha fotografía aérea actual. Deste xeito tanto a orientación do solar con respecto ao soleamento, como a relación co río pola parte de atrás coincide plenamente coa súa posición na cidade. A apertura da N-651 pasaría polo espazo que quedaba libre e que servía de acceso ao porto fluvial.

Quedaría por averiguar en que intre i en que condicións o solar e o antigo pazo do Marqués de Mos, que tiña sido cedido en propiedade ao Concello segundo Martínez Santiso, pasou a propietarios particulares.